

Decembro 2017

Un Nadal máis coas pagas extras recortadas

A CIG-Ensino denuncia que o profesorado galego continúa por sétimo ano consecutivo cobrando as pagas extras incompletas. Os recortes oscilan entre os 530 e os 865 euros anuais dependendo se se trata de corpos pertencentes ao grupo A2 ou ao A1. A esta situación hai que engadir a perda dun 23% de poder adquisitivo desde 2010.

Desde a implantación dos recortes retributivos no ano 2010, o profesorado de Galiza deixou de percibir as pagas extras íntegras. Os recortes viñeron tanto do Goberno Central como da Xunta de Galiza. A parte da nosa nómina que depende da **normativa estatal** é a dos conceptos de **soldo**, **complemento de destino e trienios** mentres que a Xunta ten plena competencia para regular o **complemento específico**, no cal se inclúe o que nas nóminas aparece expresamente como **específico** xunto con outros conceptos como **sexenios, titoría e outros cargos docentes**, no caso de telos (departamento, cargos directivos, etc...).

Foi esta última parte da extra, o complemento específico, a que recuperamos neste 2017, sen que por parte do Goberno Feijóo se acometese un plan para devolver o que nos foi quitando nestes anos, como se comprometera nun acordo cos sindicatos estatais -que habitualmente asinan todo canto lle poñen por diante-, xusto ás portas da últimas eleccións autonómicas. A día de hoxe non só non recuperamos o roubado senón



que as nosas extras seguen recortadas nunha das contías que dependen do Estado. Concretamente seguimos co soldo da extra reducido.

Así, no presente ano 2017 unha funcionaria do corpo de mestres ou PTFP (Subgrupo A2) cobrou 264,81€ menos en cada unha das pagas extras, o que supón un recorte de **529,62€ no ano**. O recorte é aínda maior no resto dos corpos docentes vinculado ao Subgrupo A1, xa que, neste caso, ascende a **866,46€** (433,23€ en cada paga).

Polo tanto, o profesorado segue, a día de hoxe, soportando recortes nas súas retribucións mentres ten que escoitar día a día que estamos en fase de recuperación económica e que non hai nada que impida que se suban os salarios.

A estas contías hai que engadirle a diferenza nos trienios para todo aquel profesorado con antigüidade. Os trienios tamén foron recortados no ano 2012, manténdose ese recorte durante todos estes anos.

	Trienios ordinarios	Trienios nas pagas extras
A1	43,51€	26,85€
A2	35,47€	25,87€

SUBGRUPO	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra 2017	Diferenza na extra	Recorte anual
A1	€ 1.131,36	€ 698,13	€ 433,23	€ 866,46
A2	€ 978,26	€ 713,45	€ 264,81	€ 529,62

Suba salarial vinculada ao IPC

Para a CIG-Ensino o Goberno central debería fixar por Lei que os incrementos retributivos dos e das empregadas públicas deberían estar vinculados á suba do IPC e que, cada ano, se fixase unha revisión sobre esa suba, de tal maneira que se a carestía da vida foi superior á inicialmente prevista se actualizase a finais de ano coa percepción da revisión oportuna. Este sería o único sistema para evitar que o profesorado, como o resto do persoal ao servizo das AA.PP. vise como ano tras ano perde poder adquisitivo.

Diante da incerteza de que poidan aprobarse os orzamentos para 2018, a CIG demanda que se habilite unha suba respondendo a este

criterio de revisión salarial vinculada ao IPC mediante a aprobación dun Real Decreto que salve o bloqueo da inexistencia de novos Orzamentos. Deste xeito evitaríase, como aconteceu até agora, que o persoal público sexa refén da incapacidade do Goberno Rajoy de ter unha novas contas aprobadas.

Non recuperamos o roubado. Non o esquecemos.

Nunca está de máis reiterar a suma total dos cartos que nos roubaron nestes anos, entre tanta campaña de mentiras por parte dos gobernos do PP. É preciso que lembremos o que por xustiza nos corresponde e que nos foi recortado para que se lles

caia a cara de vergoña a eses mesmos gobernos cando nos digan que estamos xa recuperando os nosos salarios completos. Mais tamén como aviso a navegantes a aqueles sindicatos sempre dispostos a asinar acordos esquecéndose de todo o que nos quitaron. Neste cadro figura a perda de poder adquisitivo desde 2010 en diferentes casos de docentes segundo antigüidade e sen cargos directivos ou de coordinación. As cifras inclúen o recorte real e directo nas nóminas, sumado á desviación do IPC real, que é o que ofrece unha visión máis axustada de como os recortes implicaron que o noso poder adquisitivo caese nun 23% en sete anos.

Sexenios	Mestres (A2-Nivel 21)		PTFP (A2-Nivel 24)		PES EOI EAS (A1 Nivel 24)	
	Perda salarial anual 2017	Perda acumulada desde o 2010	Perda salarial anual 2017	Perda acumulada desde o 20110	Perda salarial anual 2017	Perda acumulada desde o 20110
0	-4.009,21€	-31.227,49€	-4.223,80€	-32.644,10€	-5.124,59€	-39.218,53€
1	-4.262,91€	-33.439,04€	-4.477,50	-34.797,65	-5.456,38€	-41.866,25€
2	-4.546,81€	-35.867,25€	-4.761,41€	-37.283,85€	-5.818,38€	-44.847,50€
3	-4.876,28€	-38.926,40€	-5.090,87€	-40.266,97€	-6.225,93€	-48.463,76€
4	-5.281,31€	-42.671,93€	-5.495,90€	-44.090,23€	-6.709,05€	-52.762,89€
5	-5.504,66€	-44.504,67€	-5.719,25€	-45.908,73€	-7.010,49€	-55.138,25€

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal